

O curso xa chegou ao final, foi un ano lectivo diferente para todos e todas, onde non só aprendemos nas aulas, senón tamén nas nosas casas. Unha aprendizaxe que foi mais alá das materias, unha aprendizaxe da vida.

Coa chegada dun virus imparable o que chamaron Covid-19, aprendemos o significado de pandemia. Vivimos unha corentena na que descubrimos cousas de nós que quizais non coñecíamos, a ser pacientes, a autoxestionar as nosas emocións, a convivir, a valorar o que realmente importa, a reflexionar e a crecer coma persoas.

Aprendemos que NÓS é máis que EU, que todos e todas necesitamos de todos e todas, que somos un grupo, e temos que traballar en equipo.

Lembramos o significado de valores coma:

Respecto, aos demais, a nós mesmos e aos nosos maiores, os que temos que coidar, que tanto fixeron por nós.

Solidariedade, porque esta crise sanitaria coma consecuencia ten unha crise económica, que moitos e moitas están a sufrir ou sufrirán. Infinidade de actos de xenerosidade vivimos nestes días, xa sexa dando un prato de comida como doando mascarillas.

Igualdade, xa que este virus non entende de clases sociais, nin etnias, nin xénero, todos e todas somos iguais.

Aprendemos a valorar as pequenas cousas, a importancia dunha aperta ou dun bico, dunha mostra de cariño, que antes facíamos de forma automática como forma de saúde. A valorar algúns traballos que estaban coma esquecidos ou incluso vistos de forma despectiva, cando todo traballo ten o mesmo valor. Este confinamento mostrounos a importancia que teñen todas esas persoas que traballan nos supermercados e os transportistas que fan posibles que nós poidamos comprar os alimentos que necesitamos para vivir; o persoal de limpeza que traballa para que todo estea desinfectado, e corramos o menor risco posible de contaxio; os traballadores e traballadoras das residencias de anciáns e todo o equipo sanitario dos hospitais que fixeron todo o posible cos medios que tiñan para salvar vidas.

Aprendemos o concepto de "nova normalidade", onde xa non poderemos ter présa, teremos que acostumarnos a ser pacientes, onde algo tan cotián coma ir comprar supón facer cola, desinfectar as mans e por unhas luvas. Onde a nosa preocupación non vai ser se saín de casa co móbil, senón se levo a mascarilla e o xel hidroalcohólico.

Agora o futuro será incerto, e planificar non servirá de moito, o único que nos queda e vivir o momento esperando que non haxa un rebrote.

Felices vacacións de verán.

Olalla Román Fernández